



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Telf: 981 50 00 00

### Descrición Decreto: **Adhesión do Concello de Arzúa á plataforma “QUEREMOS GALEGO”**. Expte: 2024/X999/000180

#### **DON XOAN XESUS CARRIL RAMOS ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)**

Visto que na plataforma QUEREMOS GALEGO (<https://queremosgalego.gal>) ten por obxecto a promoción, defensa e o impulso da lingua galega ao sinalar:

*“**Queremos Galego** é unha plataforma cidadá, conformada por entidades de diferentes ámbitos e por persoas a título individual, que nace da vontade de articular unha ampla resposta colectiva a prol da lingua propia do noso pobo, o galego; de defensa e afirmación dos usos públicos e dereitos lingüísticos xa garantidos pola actual lexislación; de progresiva normalización naqueles espazos onde o idioma de noso non goza aínda da presenza desexada.*

*Queremos Galego! nace dun activo proceso de debate e reflexión colectiva arredor da difícil situación que está a vivir a lingua neste momento concreto. A un estado de saúde de por si preocupante, como reflicten todos os estudos elaborados até o momento, únese un elemento non menos grave: as medidas regresivas que no ámbito da lingua ou da cultura está a aplicar o actual goberno da Xunta xa desde os primeiros días da lexislatura.*

*A plataforma cidadá **QUEREMOS GALEGO** aspira a recoller e transformar en enerxía a prol da defensa do noso idioma, elemento central da nosa existencia colectiva, a gran preocupación que a actual política lingüística do goberno galego ten creado en amplos sectores da sociedade, independentemente das súas afiliacións ou simpatías. Instamos ao noso pobo a moverse a favor de aquilo que nos une e identifica, que nos sitúa as galegas e os galegos no mundo no mesmo nivel que as outras culturas do planeta, aquilo que nos fai universais: a nosa lingua.*

*Facémolo desde a convicción de que a actual situación de retrocesos legais, desprotección dos nosos dereitos lingüísticos ou cuestionamento de consensos básicos arredor do idioma que custou o seu traballo construír non gusta a unha inmensa maioría da sociedade galega, que ama a súa lingua e desexa a súa normalidade.*

*Novos datos poñen en evidencia o estado de emerxencia lingüística do galego con niveis de descoñecemento e emprego inéditos na historia da lingua. Son o resultado do predominio e da hexemonía do castelán intensificada nos últimos 15 anos co aumento da exclusión do idioma propio de Galiza da oferta en todos os ámbitos, nomeadamente no ensino, mais tamén no lecer infantil e xuvenil, administración, xustiza, televisión e audiovisual ou nas actividades comerciais e económicas. **Así o vimos denunciando de hai anos. A mobilización social polo idioma de Galiza logrou que do Consello de Europa ou a ONU dirixisen advertencias á Xunta de Galiza que habrá de mudar a actitude sobre o galego***

*Reverter esta situación é posíbel co compromiso de todas e todos, comezando polas institucións galegas e os colectivos sociais. Cómpre, en primeiro lugar, asegurar o dereito de uso do galego e o deber de correspondelo con presenza e disposición como indicaba o PXNLG que a pesar do desleixo da Xunta e de non se ter posto en práctica nos último 15 anos, mantén obxectivos plenamente vixentes.*

*O PXNLG, como grande acordo nacional pola lingua, debe ser reactivado como punto de partida dunha*



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Telf: 981 50 00 00

*nova política a favor do noso idioma e da súa normalización.*

### **PUNTOS MÍNIMOS**

*A Plataforma Queremos Galego anima a toda sociedade galega, entidades sociais de todo tipo e persoas a título individual a mobilizarse para un novo rumbo para a lingua cos seguintes puntos mínimos:*

- 1. Vixencia dos obxectivos do Plan Xeral de Normalización da Lingua aprobado por unanimidade o 21.09.2024 no Parlamento Galego.*
- 2. Elaboración por parte da Xunta de Galiza, Estado e entidades locais, coa participación de entidades sociais, dun calendario de acción 2024-2027 para a aplicación e actualización de todas as medidas deste Plan, cos recursos necesarios (humanos, técnicos, económicos...) para levalo a cabo.*
- 3. Este calendario contemplará a avaliación dos resultados das medidas unha vez aplicadas e as correccións que foren precisas.*

### **MEDIDAS URXENTES**

#### **Ensino.**

*Derrogación do decreto 79/2010. Aprobación dun novo decreto que asegure os máximos niveis de docencia en galego en todas as etapas educativas. Garantía inmediata de oferta de materiais didácticos en todas as etapas do ensino.*

#### **Cultura e lecer.**

*Recuperar o papel normalizador da TVG, con ampla oferta para o público infantil e xuvenil adaptada a todos os dispositivos e potenciación da artes escénicas e musicais en galego e produción en galego; accións para que se cumpran os mínimos legais de presenza de galego na oferta radiofónica e audiovisual e se aumenten as cotas de dobraxe, lexendaxe, e financiamento anticipado de produción independente. Afortalar o sistema literario e editorial. Uso do galego en actividades deportivas, de tempo libre e extraescolares.*

#### **Actividades comerciais e económicas.**

*Asegurar o pleno dereito de uso do galego, coa atención e a oferta correspondente, en todo tipo de servizos.*

#### **Administración, servizos públicos, sanidade e xustiza.**

*Oferta positiva en galego en todos os servizos da administración pública, for autonómica, estatal ou municipal e incluíndo servizos privatizados dependentes da administración pública. Disposición de galego en programas informáticos, información, formularios, impresos e na atención en todas as súas formas. Coñecemento de galego por todos/as os/as traballadores/as públicos/as.*

Visto que a adhesión a dita plataforma para a promoción, defensa e impulso da lingua galega non supón custe algún para o concello,

En virtude da competencia que me outorga o artigo 21.1, letras b) e s) da Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Telf: 981 50 00 00

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a adhesión do Concello de Arzúa á plataforma “QUEREMOS GALEGO”, para a promoción, defensa e impulso da lingua galega nos termos que constan na parte expositiva do presente decreto.

**SEGUNDO.-** Autorizar ao Alcalde para intervir e asinar en representación do Concello de Arzúa todos aqueles actos derivados de dita adhesión.

**TERCEIRO.-** Publicar o presente decreto para su xeral coñecemento no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

O Alcalde  
Xoan Xesús Carril Ramos

O Secretario  
Alfonso M. Alcalá Pérez

En Arzúa, asinado dixitalmente na data e hora que figura ao marxe



**CONCELLO DE ARZÚA**

Rúa Santiago, 2  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Telf: 981 50 00 00

O Alcalde - Presidente

Asdo.- XOAN XESUS CARRIL RAMOS

Dou fe, o secretario

Asdo.- ALFONSO M. ALCALA PÈREZ